



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DESEMPREGADOS PARA OS POSTOS DE SOCORRISTAS ACUÁTICOS DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SALVAMENTO E SOCORRISMO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE PONTECESO

EXPEDIENTE:2021/G003/000437

ANTECEDENTES:

Logo de ver as providencias asinadas pola Alcaldía o 14-06-2021 e o 22-06-2021 de inicio do expediente para a selección e contratación de 10 socorristas mediante o procedemento de oposición-concurso, para prestar o Servizo de vixilancia, salvamento e socorrismo nas praias de Ponteceso, subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia,

Logo de ver a Orde de 12 de abril de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG núm. 73 do 20 de abril de 2021), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

Logo de ver a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade do 09-06-2021 pola que se autoriza a contratación anticipada de 10 socorristas por un período de 2 meses, a seleccionar entre persoas que teñan a condición de desempregados e que teñan vixente a súa inscrición como demandantes de emprego.

Logo de ver que a Oferta de Emprego foi presentada no Oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo, e que foi remitida a este concello a selección de candidatos solicitada.

Logo de ver a resolución de Alcaldía núm. 397/2021 do 24-06-2021 mediante a que se aprobou a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación de 10 socorristas para prestar o servizo de salvamento e socorrismo nas praias de Ponteceso, publicadas no taboleiro de anuncios deste Concello e na web municipal o 24-06-2021, as cales no seu punto 5º establecen un prazo de dous (2) días hábiles para presentar as solicitudes de participación.

Logo de ver a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade do 23-06-2021 (con R.E. 20210000001073 do 28-06-21) de concesión da subvención ao CONCELLO DE PONTECESO por importe de 20.399,88 euros, para a contratación de 6 socorristas por un período de 2 meses.

Logo de ver as instancias presentadas dentro do prazo contemplado na base 5ª das bases e a certificación de Secretaría sobre as mesmas de data 29-06-2021, conforme ao informe emitido pola responsable do rexistro de data 29-06-2021.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar, de acordo coa base quinta, a seguinte listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ADMITIDOS/AS:

Nº	Apelidos e Nome	Nº DNI	CELGA
1	ABEAL INCHAURRONDO, MIKEL	***7885**	SI
2	ALVAREZ PABÓN, LUIS ENRIQUE	***3840**	NON
3	IGLESIAS FRAGA, MARTÍN	***8648**	SI
4	POMBO BARDANCA, RUBEN	***4391**	SI
5	SANTIAGO FERREIRO, ELOY	***2941**	NON
6	TEIRA TEIXEIRA, ELENA	***8463**	SI

EXCLUIDOS/AS: NINGÚN

SEGUNDO: Elevar automaticamente a definitiva a presente lista provisional de aspirantes admitidos/as, no caso de non se presentaren reclamacións contra a mesma no prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

TERCEIRO: Publicar a mesma no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal (www.ponteceso.gal)

CUARTO: Nomear aos membros do Tribunal cualificador, funcionarios de carreira, que vulgarán o procedemento selectivo consonte ao establecido nas bases reguladoras, e nas Leis 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, LPACAP e LRXSP:

Presidente: Lucía Mata Rodríguez, interventora do Concello de Ponteceso
Secretario: Emilio Caínzos Quintás, Técnico Superior da Administración Xeral do Concello de Ponteceso
Vogais (3):

- José Manuel Ordóñez Barca, administrativo do Concello de Ponteceso
- Pablo Lista Suárez, técnico de deportes do Concello de Malpica
- Julio Torreira López, coordinador monitor deportivo do Concello de Laxe

A actuación da tribunal deberá axustarse ás bases da convocatoria e estará facultado para resolver as cuestións que puidesen suscitarse no curso do proceso selectivo e para adoptar os acordos necesarios para a debida orde do mesmo en todo o non previsto nestas normas. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos membros presentes, todas as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nesta resolución e determinará a actuación procedente nos casos previstos. Os seus acordos só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecidos na Lei do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A abstención e recusación dos membros da comisión de valoración, no seu caso, realizarase consonte ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

Por mor da crise sanitaria provocada pola Covid-19 os/as aspirantes deberán estar provistos/as de máscara homologada, e á entrada, despois da súa identificación, someteranse ao control da súa temperatura, non podendo entrar ás probas selectivas os/as que teñan unha temperatura superior a 37,5 ° centígrados. Na entrada e en distintos puntos da instalación haberá a disposición dos/as aspirantes xel hidroalcohólico.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Esta medida baséase no cumprimento dunha obrigaición legal, art. 6.1.c) do RXP, para o empregador na prevención de riscos, como misión realizada en interese público, art. 6.1.e) do RXP, e salvagarda dos intereses vitais do interesado e outras persoas físicas, art. 6.1.e) do precitado texto legal.

Respectarase a distancia entre os/as aspirantes para o que o tribunal disporá a separación mínima de dous metros entre eles.

No caso de non se respectaren estas normas sanitarias básicas dará lugar a que o tribunal poida acordar a expulsión dos/as aspirantes incumpridores/as.

QUINTO: Fixar a data de constitución do Tribunal cualificador e convocar aos seus membros e aos aspirantes admitidos, para a realización das probas, no lugar, na data e na hora seguintes:

Lugar	Data	hora
Praia de Osmo (Corme)	02-07-2021	9:00 h

SEXTO: Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Documento asinado electronicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, o secretario accidental, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

D. Xosé Lois García Carballido

O secretario accidental,

Dº. Emilio Caínzos Quintás